

Introdución

A Fundación Juana de Vega organiza, co apoio da Deputación da Coruña, as xornadas **Capital natural: identificación, contabilidade e valorización de servizos ecosistémicos e infraestrutura verde municipal**.

Continuando coas campañas formativas de anos anteriores en materia de infraestrutura verde e servizos ecosistémicos, a Fundación Juana de Vega impulsa os días **6, 7 e 28 de outubro** esta actividade máis específica dirixida aos equipos técnicos municipais e profesionais interesados na xestión e conservación das infraestruturas e espazos verdes municipais, en base aos principios teóricos e prácticos dos servizos ecosistémicos.

Esta formación quere responder tamén a unha necesidade detectada no sector xa que, a escaseza destes técnicos especializados, tradúcese na perda directa de oportunidades de acceso a financiación europea para o desenvolvemento de proxectos de planificación que teñan en conta criterios ecolóxicos e medioambientais.



A quen está dirixido

As xornadas están enfocadas a profesionais que desenvolvan a súa actividade no eido do deseño, execución e xestión de espazos públicos, técnicos municipais e estudantes.

Lugar

Sede da Fundación Juana de Vega,
San Pedro de Nós (Oleiros)

Matrícula

Prazas: 25
Custo: 20€ e estudantes de balde.

Fundación Juana de Vega

Rúa Salvador Allende, 92
15176 San Pedro de Nós, Oleiros (A Coruña)
T. 981 654 637 | **Email:** info@juanadevega.org



Inscripcións:

www.juanadevega.org



Organiza:



Patrocina:



Xornadas formativas

Capital natural:

identificación, contabilidade e valorización de servizos ecosistémicos e infraestrutura verde municipal



Fundación Juana de Vega

6, 7 e 28 de outubro de 2023

Obxectivos

A actividade proposta é unha xornada formativa de **tres días de duración**, cun total de 16 horas, e cun enfoque teórico-práctico que combinará o formato de clases teóricas, impartidas por especialistas en capital natural, biodiversidade e arquitectos da paisaxe.

Con estas xornadas buscamos:



Formar os técnicos municipais e profesionais independentes na estratexia europea, nacional e galega de **infraestrutura verde** e na **planificación ecolóxica**.



Avanzar na implementación da **metodoloxía de identificación, delimitación e cálculo de servizos ecosistémicos e a súa aplicación na planificación territorial e o deseño de espazos públicos**, seguindo as competencias atribuídas aos municipios pola estratexia estatal de infraestrutura verde e conectividade e restauración ecolóxicas.



Informar das liñas de financiamento de proxectos e iniciativas de **solucións baseadas na natureza** e de infraestrutura verde.



Divulgar **boas prácticas na xestión de espazos urbanos** desde o prisma do capital natural.

Programa

Venres, 6 de outubro

10.00 a 11.00h **Marco conceptual e legal da infraestrutura verde e os servizos ecosistémicos.** Pedro Calaza, director da Escola Galega da Paisaxe Juana de Vega.

11.00 a 11.30h **Pausa-café**

11.30 a 14.00h **1ª sesión. Introducción ao capital natural.** Jesús Carrasco, xerente técnico de capital natural e biodiversidade de NTT Data.
Contido:

- Por que incorporar o capital natural no espazo urbano? O capital natural na renaturalización urbana.
- Capital natural: activos naturais e servizos ecosistémicos.
- Contabilidade e valoración do capital natural. Espazos operativos.

15.30 a 18.30h **2ª sesión. O capital natural como ferramenta de xestión e de conservación.** Jesús Carrasco, xerente técnico de capital natural e biodiversidade de NTT Data.
Contido:

- Definición da liña de base. Caracterizacións ambientais, legais e sociais.
- Construción dun modelo de contabilidade de activos naturais.

Sábado, 7 de outubro

9.30 a 11.30h **3ª sesión. Valoración de servizos ecosistémicos.** Jesús Carrasco, xerente técnico de capital natural e biodiversidade de NTT Data.
Contido:

- Definición e identificación de servizos ecosistémicos.
- Métodos de cuantificación e valoración.

11.00 a 11.30h **Pausa-café**

12.00 a 14.30h **4ª sesión. Taller formativo: cambio de paradigma no modelo de xestión.** Jesús Carrasco, xerente técnico de capital natural e biodiversidade de NTT Data.

Contido:

- Definición do espazo operativo seguro (EOS).
- Identificación de riscos e de oportunidades.
- Definición de plans de xestión adaptativos baseados en solucións baseadas na natureza, a xestión, a infraestrutura ou a gobernanza.

Sábado, 28 de outubro

9.30 a 11.00h **Liñas de financiamento de solucións baseadas na natureza e de infraestrutura verde.** Nuria Preciado, técnica da Fundación Biodiversidad (Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico).

11.00 a 11.30h **Pausa-café**

11.30 a 12.30h **Exemplos de boas prácticas nacionais e/ou internacionais.** Luis Paulo Ribeiro, profesor do Instituto Superior de Agronomía da Universidade de Lisboa.

12.30 a 14.00h **Deseño e xestión de espazos naturais desde o prisma dos servizos ecosistémicos.** Juan Carlos Verona, consultor da empresa CESYT, consultoría estratéxica de servizos e territorio.

Durante as sesións formativas, alternarase traballo práctico mediante a solución en grupo dun caso de estudo seleccionado polo alumnado. Desta maneira, búscase non só transmitir a lóxica de traballo do capital natural, senón tamén levala á práctica capacitando así ao alumnado para a súa futura implementación na súa contorna de traballo.

Os participantes deberán traer un portátil.